



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: *Asignación das funcións de Seguridade da información do Concello de Lousame en cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade*

Expediente: 2024/G013/000001

M^a Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Lousame, no uso das facultades conferidas pola lexislación vixente en materia de réxime local, adopta resolución baseada nos seguintes antecedentes de feito e fundamentos xurídicos.

O Concello de Lousame está a aplicar as medidas necesarias para adaptarse Esquema Nacional de Seguridade (ENS).

Entre estas medidas está a aprobación da Política de Seguridade da información do Concello de Lousame

Esta Política aplicarase aos sistemas de información do Concello de Lousame que están relacionados co exercicio de dereitos por medios electrónicos, co cumprimento de deberes por medios electrónicos ou co acceso á información ou ao procedemento administrativo e que se atopan dentro do ámbito de aplicación do ENS.

Para garantir o cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade e establecer a organización da seguridade da información adaptada ás necesidades e particularidade deste concello, cómpre aprobar a designación de roles por bloques de responsabilidade: Goberno, Supervisión e Operación.

A Política de Seguridade establece a asignación dos roles e das funcións de seguridade por medio dunha resolución da Alcaldía.

De acordo co disposto, e coa potestade de auto-organización da entidade recoñecida no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e a proposta da persoa e-Responsable e da Secretaría Xeral, con competencias na administración electrónica e a seguridade da información do concello,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Designar os seguintes roles e funcións da Seguridade da información, segundo o Marco de Gobernanza baseado en bloques de responsabilidades que se propón no punto 6 do documento de Política de Seguridade:

Bloque de Goberno:

• Responsable de Goberno, cuxas funcións exercita a Alcaldía-Presidentencia do concello, que integra os seguintes roles e funcións ENS:

- Comité de seguridade da información.
- Responsable da información.
- Responsable do servizo.

A Alcaldía-Presidentencia pode delegar estes roles e/ou funcións nun concelleiro ou concelleiros.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Bloque Executivo e de Supervisión:

• Responsable de Supervisión, cuxas funcións exercita a Secretaría do Concello, e que integra o seguinte rol ENS:

- Responsable da Seguridade.

• Delegado Protección de Datos (DPD), cuxas funcións exercerá a persoa física ou xurídica contratista do servizo de Protección de Datos, apoiando á persoa Responsable de Supervisión, con funcións de asesoramento e supervisión en materia de protección de datos.

Bloque de Operación:

• Responsable de Operación, cuxas competencias exercita a persoa coas funcións de e-Responsable do Concello de Lousame e que integra o seguinte rol ENS:

- Responsable do Sistema.

As responsabilidades de cada unha das persoas designadas están especificadas no documento de Política de Seguridade.

SEGUNDO: Notificar esta Resolución coas funcións ás persoas designadas e dar traslado ao Pleno da Corporación desta Resolución na vindeira sesión ordinaria.

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).

